



Principais elementos de comunicación e utilización do logotipo válido

Programas Operativos
FEDER y FSE Galicia

FEDER, una manera de hacer Europa
FSE, invierte en tu futuro



Contenido

1. **PRINCIPAIS ELEMENTOS DE COMUNICACIÓN E UTILIZACIÓN DO LOGOTIPO VÁLIDO. 3**

1. PRINCIPAIS ELEMENTOS DE COMUNICACIÓN E UTILIZACIÓN DO LOGOTIPO VÁLIDO

Entre os requisitos de **comunicación** contemplados no novo **período de programación de Fondos Europeos 2014-2020** indícase, no punto 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) Nº 1303/2013, que en todas as medidas de información e comunicación débese recoñecer o apoio dos Fondos á operación, mostrando:

1. O **emblema da Unión** e **referencia á Unión Europea**.
2. A **referencia ao Fondo ou aos Fondos** que dan apoio á operación. Cando unha medida estea relacionada cunha ou varias operacións cofinanciadas por varios Fondos, a referencia pódese substituír por Fondos EIE.
3. Adicionalmente, os responsables de comunicación da Autoridade de Xestión e dos distintos Organismos Intermedios de España decidiron seguir empregando o **lema relacionado** con cada tipo de Fondo:
 - PO FEDER: "Unha maneira de facer Europa"
 - PO FSE: "O FSE inviste no teu futuro"

Para a correcta utilización dos principais elementos de comunicación **tense que atender** ás seguintes características:

1. Na *Guía para beneficiarios sobre la utilización del emblema de la Unión Europea* elaborada pola Comisión Europea indícase que a partir de 2012 os programas eliminarán progresivamente os seus logotipos existentes e xa non se crearán novos logotipos para futuros programas. Os nomes destes programas utilizaranse como marcas verbais, é dicir, as referencias aos mesmos efectuaranse sen marca visual ou logotipo acreditado.

Polo tanto, o **único logotipo válido** para o novo período de programación é o formado polo **emblema** da Unión e a **referencia á Unión Europea** situado debaixo do mesmo.



[Pode descargarse o logotipo neste ligazón](#)

2. O logotipo debe ser **claramente visible** e ocupará un **lugar destacado**. A súa **posición e tamaño serán os adecuados** á escala do material ou documento utilizados. Nos sitios web

debe figurar **en cor**, e nos demais medios de comunicación a cor utilizarase sempre que sexa posible. Se figuran **outros logotipos** ademais do da Unión, este terá **como mínimo o mesmo tamaño**.

3. Cando o **emblema e a referencia á Unión Europea** se presenten nun sitio web deben ser **visibles no momento de chegar ao devandito sitio web**, na superficie de visión dun dispositivo dixital, sen que o usuario teña que despregar toda a páxina. A referencia ao fondo en cuestión debe figurar de forma visible no mesmo sitio web.
4. O resto de elementos necesarios e non incorporados ao logotipo válido, é dicir, a **referencia ao fondo** e o **lema do fondo** ou fondos que dan apoio á operación, empregaranse con **liberdade de deseño** pero **sen incorporar ao logotipo**.

